

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### NARÓN

##### Intervención

*Edicto de aprobación definitiva de modificación da Ordenanza fiscal n.º 13 e aprobación do Regulamento de axudas financeiras para a atención de necesidades sociais básicas do Concello de Narón*

##### EDICTO

O abeiro do disposto no parágrafo cuarto do artigo 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, procédese á publicación do texto íntegro das modificacións da Ordenanza Fiscal n.º 13 reguladora da taxa por utilización de instalacións deportivas e do Regulamento de axudas financeiras de atención ás necesidades sociais básicas aprobadas polo Concello-Pleno do Concello de Narón en data 26 de xuño de 2014.

De conformidade co previsto na lexislación vixente contra o acordo descrito no parágrafo anterior, poderán os interesados interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao de publicación deste Edicto. Poderán así mesmo interpoñer calquera outro que estimen axeitado.

PRIMEIRO.–Aprobar a modificación, imposición e ordenación da Ordenanza fiscal n.º 13, reguladora da taxa por utilización de instalacións deportivas:

##### A) Pavillóns

A-1) Complexo Polideportivo Municipal da Gándara.

2.–Adestramento e competición.

A-2) Pavillón Campo da Serra, Pavillón das Lagoas e Pavillón da Solaina.

4.–Actividades deportivas.

F) Estadio municipal.

30.–Campo de fútbol.

	<b>A) PAVILLÓN S</b>	
--	----------------------	--

A-1) Complexo Polideportivo Municipal da Gándara - Cancha central.	
--	--

2.–Adestramento/competicións:

A cada entidade ou club que faga a petición do uso da instalación por máis de “3 participacións” aplicaráselle a seguinte taxa.

Participación: €/h.

CÓDIGO	ACTIVIDADE	€/hora
2.1	Adestramento/competición biberón a xuvenil	10,00
2.2	Adestramento/competición sénior	23,90
2.3	Adestramento e partidos oficiais senior en competicións provinciais e autonómicas	17,55
2.4	Promoción deporte de veteranos (Adestram. competición)	17,55
2.5	Colectivos de máis de 40 participantes infantís/xuvenís	26,25

A-2) Pavillón Campo da Serra, Pavillón As Lagoas e Pavillón da Solaina.

4.–Actividades deportivas: €/hora.

CÓDIGO	ACTIVIDADE	€/Hora
4.1	Adestramento e partidos oficiais, sénior	21,05
4.1.1	Por máis de 3 participacións	17,55
4.1.2	Adestramento e partidos oficiais senior en competicións provinciais e autonómicas	8,50
4.2	Adestramento biberón a xuvenil	6,35
4.3	Competición biberón a xuvenil	7,95
4.4	Aluguer outras salas a clubs	3,15

	F) ESTADIO MUNICIPAL Pistas de atletismo, campo de fútbol e campo anexo	
--	--	--

CÓDIGO	ACTIVIDADE	€
30.6	Actos deportivos:	
30.6.1	Actos deportivos con iluminación. Por acto (máximo 5 horas)	125,45
30.6.2	Actos deportivos sen iluminación. Por acto (máximo 5 horas)	83,75

SEGUNDO.–Aprobar a modificación, imposición e ordenación do Regulamento de axudas financeiras de atención ás necesidades sociais básicas.

## “REGULAMENTO DE AXUDAS FINANCEIRAS PARA A ATENCIÓN DE NECESIDADES SOCIAIS BÁSICAS

### CAPÍTULO I.–OBJECTO, DEFINICIÓN E BENEFICIARIOS

#### Artigo 1.–Obxecto.

É obxecto do presente documento a regulación das diferentes prestacións municipais destinadas á atención de necesidades básicas para situación de emerxencia social.

#### Artigo 2.–Definición e finalidade.

2.1. Prestacións económicas de carácter non periódico destinadas a paliar ou resolver, por si mesmas ou complementariamente con outros recursos e prestacións, situacións de emerxencia social. Servirán así mesmo para previr situacións de exclusión social e a contribuír á integración social dos sectores de poboación que carezan de recursos económicos propios suficientes para a atención das súas necesidades básicas.

2.2. Considéranse indicadores xerais de urxencia e necesidade para os efectos destas axudas os seguintes:

a) Ingresos insuficientes da unidade de convivencia e inexistencia de parentes con obriga legal de prestación de auxilio ou incapacidade real de prestala.

b) Débedas da unidade de convivencia acumuladas, por causa xustificada, que provocan colapso da capacidade de supervivencia familiar (débedas de alugamento da vivenda habitual, recibos de débeda de hipoteca da vivenda familiar, suministros, etc).

2.3. Teranse en conta para estes efectos:

a) As cargas familiares da persoa solicitante (menores, persoas maiores, persoas con discapacidade, e número de membros da unidade de convivencia a cargo, etc.).

b) Situacións imprevistas de enfermidade, catástrofes, accidentes, etc.

2.4. Para os efectos deste regulamento considéranse as definicións conceptuais de

a) Unidade de convivencia.

b) Ingresos insuficientes ou baixos.

c) Prestación.

**Artigo 3.–Beneficiarios/as.**

Poderán ser beneficiarias destas prestacións as persoas ou familias empadroadas no Concello de Narón, cunha antigüidade de seis meses á data da solicitude, ou da convocatoria das axudas, coas excepcións que se contemplan neste regulamento, cuxo estado de necesidade ou insuficiencia de ingresos, se encontre recoñecido no momento da solicitude, e cumpran cos requisitos específicos esixidos para a súa concesión.

**Artigo 4.–Perceptores.**

Poden ser perceptores da prestación, segundo os casos:

a) O propio solicitante e/ou beneficiario da prestación.

b) As entidades ou persoas designadas para a súa percepción, así coma os destinatarios últimos (acreedores da débeda do solicitante ou provedor de bens ou servizos) da prestación recoñecida, debendo ser nestes casos o pago directo autorizado polo xefe de servizo.

**CAPÍTULO II.–TIPOS E CONTÍA DAS PRESTACIÓNS****Artigo 5.–Tipos de prestacións.**

As axudas financeiras municipais para a atención de familias con recursos económicos baixos ou insuficientes serán de pagamento único ou fraccionado, atendendo á súa clasificación:

**5.1. Prestacións económicas e/ou bonificacións reguladas sen prescrición facultativa:** serán aquelas axudas ás que poderán acceder as familias, unha vez acreditados os requisitos documentais que se establecen no presente regulamento. A concesión efectiva destas require resolución favorable da concelleira de Acción Social.

Terán esta consideración:

**P. 1.–Axudas de transporte metropolitano:**

Son axudas destinadas a facilitar a inclusión na vida normalizada en materia de educación, sanidade, formación e emprego. O importe das axudas será do 75% do custo do billete consonte o número de membros da unidade familiar e dos recursos desta, consistente en 6 cargas de 50 viaxes cada carga, cada seis meses, transcorridos os cales o beneficiarios terá que facer unha nova solicitude acreditando que se manteñen as circunstancias que deron lugar a súa concesión.

En consecuencia co anterior, as tarxetas concedidas con anterioridade superior a seis meses dende a entrada en vigor deste regulamento quedarán anuladas, e os anteriores beneficiarios terán que facer unha nova solicitude, acreditando para a súa concesión que concorren os requisitos esixidos no presente regulamento.

Por resolución de Alcaldía poderá modificarse a forma de facer efectiva esta axuda, en función dos convenios de colaboración que poida establecer con outras Administracións ou entidades.

Esta prestación será incompatible coa bonificación municipal de transporte universitario da Universidade da Coruña, que se regulan no convenio específico entre o Concello de Narón e a Universidade da Coruña.

**P.2.–Axudas para comedor escolar:**

Son axudas destinadas a sufragar os custos de comedor escolar nos centros públicos e concertados do Concello de Narón, ou colexios de educación especial, sostidos con fondos públicos, en función da renda da unidade de convivencia.

Esta prestación será incompatible coas bolsas de comedor escolar da Xunta de Galicia.

Nos colexios nos que exista convenio do Concello con calquera dos representantes legais da comunidade educativa, para facer efectivo este servizo, estarase ao disposto no convenio de aplicación.

En canto aos requisitos para a concesión desta axuda, estarase ao disposto para cada convocatoria por resolución da Alcaldía, en función das convocatorias que para o exercicio escolar correspondente efectúe á Xunta de Galicia, e os convenios que para o efecto se poidan subscribir, sendo de aplicación, con carácter xeral, en canto ao non contemplado na citada resolución, o presente regulamento.

Para determinar os prezos públicos para os que se aplicarán as axudas de comedor escolar, serán de aplicación os prezos públicos fixados pola Consellería de Cultura, Educación e Deportes para cada curso académico. No caso de non existir o prezo do almuerzo estipulado pola Xunta de Galicia, este tomarase con carácter supletorio ás disposicións aplicables ás escolas infantís municipais (EIM).

Quedarán excluídos desta axuda os alumnos e alumnas matriculados en centros públicos ou concertados situados fóra do termo municipal cuxa praza non fóra asinada pola comisión de escolarización ou inspección educativa.

A contía subvencionable axustarase ao seguinte:

Ingresos da unidade familiar igual ou inferior ao 75% do tramo correspondente: 100% bonificado

Ingresos da unidade familiar superior ao 75% do tramo correspondente: 50% bonificado.

De ter dereito a subvención, da cota resultante de aplicar o baremo correspondente, realizaranse os seguintes descontos, non acumulables:

- 20% no caso de nenos/as que pertencen a familia numerosa.
- 20% no caso de nenos/as que pertencen a unha familia monoparental,
- 20% no caso de asistencia de algún irmán ao comedor escolar. Neste caso o desconto adicional farase a partir do segundo irmá.

### **P.3.–Axudas para material escolar:**

Son axudas destinadas a facilitar o acceso ao material didáctico e escolar das familias con alumnado matriculado en centros públicos ou concertados do Concello de Narón, nos niveis educativos do segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional de ciclos medios, e educación secundaria de adultos.

Quedarán excluído desta axuda o alumnado matriculado en centros públicos ou concertados situados fóra do termo municipal cuxa praza non fóra asinada pola comisión de escolarización ou inspección educativa.

### **Disposicións comúns aos puntos P.1 P.2 e P.3:**

Non poderán ser beneficiarias desta axuda as persoas cuxa unidade de convivencia supere o límite de ingresos anuais establecidos na seguinte táboa, referidos ao IPREM anual, en función do número do membros da unidade familiar:

N.º membros da unidade de convivencia	Tope anual de ingresos
1	IPREM + 20%
2	IPREM + 40%
3	IPREM + 60%
4	IPREM + 80%
5	IPREM + 100%
6	IPREM + 120%
7	IPREM + 140%

Os importes e baremos de ingresos poderán ser revisados anualmente por resolución de Alcaldía.

### **P.4.–Bonificación de fornecemento de auga, lixo e rede de sumidoiros:**

Son axudas económicas para facilitar o acceso ao fornecemento dos servizos básicos de auga lixe e rede de sumidoiros das familias con recursos baixos ou insuficientes. Os importes, baremos e requisitos figuran nas ordenanzas fiscais reguladoras número 8, 9 e 10.

### **P.5.–Bonificación de acometidas de auga e rede de sumidoiros na zona rural:**

Son axudas económicas destinadas ao acceso do fornecemento dos servizos básicos de auga e rede de sumidoiros na zona rural das familias con recursos baixos ou insuficientes. Os importes, baremos e requisitos figuran recollidos nas bases da convocatoria específica de carácter anual que será aprobada pola Xunta de Goberno Local.

### **P.6.– Bonificación da taxa da EIM:**

Son axudas económicas destinadas a bonificar a taxa do servizo de educación infantil no período de 0 a 3 anos das EIM nos termos previstos no regulamento e Ordenanza fiscal número 18.

### **P.7.–Bonificación da taxa do centro de día municipal:**

Son axudas económicas destinadas a bonificar a taxa dos servizos do centro de día municipal nos termos previstos no regulamento do centro e Ordenanza fiscal número 33.

### **5.2. Prestacións económicas e/ou bonificacións reguladas con prescrición facultativa/técnica:**

Son aquelas que se percibirían unha vez acreditados documentalmente os requisitos esixidos para cada prestación, con informe favorable da Unidade de Traballo Social (UTS) de referencia.

**PFT.1.–Prestación para garantía alimentaria con derivación ao Centro de Recursos Solidarios.**

Son axudas de valor económico que se fan efectivas en produtos alimentarios con derivación ao Centro de Recursos Solidarios de Narón, ou á Cociña Económica de Ferrol, para as familias que reúnan os requisitos esixidos neste regulamento, tras un informe favorable da UTS de referencia.

**PFT.2.–Bonificación para alimentación infantil pediátrica:**

Son axudas económicas destinadas a garantir a nutrición infantil, durante o primeiro ano de vida dos menores de familias con recursos baixos ou insuficientes. Será preceptiva a prescrición facultativa dun ou dunha pediatra da sanidade pública que indicará a necesidade de alimentación artificial, así como a cantidade mensual necesaria e a denominación precisa do produto. O importe máximo desta prestación será o 90% do custo do produto prescrito.

**PFT.3.–Prestación económica para garantía da vivenda habitual:**

Son axudas destinadas a sufragar os gastos de alugamento ou do recibo mensual de hipoteca da vivenda habitual, por un importe máximo do IPREM mensual, cando existan garantías de continuidade na vivenda familiar.

Esta prestación será incompatible con axudas doutras administracións para esta finalidade, coma é o caso do programa ALUGA (ou o que poida substituílo) da Xunta de Galicia.

As persoas solicitantes da prestación económica para garantía da vivenda habitual en alugamento deberán tramitar previamente a inscrición como demandante do programa de vivenda pública correspondente, sempre que reúna os requisitos necesarios.

O importe determinarase en función dos ingresos da unidade de convivencia e o número de membros desta.

Poderase solicitar unha ou varias axudas por este concepto, sempre que a suma de todas elas non supere o límite máximo establecido para este concepto.

**PFT.4.–Prestacións económicas para sufragar gastos derivados do uso da vivenda habitual.**

Son axudas destinadas a sufragar diversos gastos derivados do uso da vivenda, como suministros, comunidade de propietarios, seguro da vivenda etc.

Poderase solicitar unha ou varias axudas por este concepto, sempre que a suma de todas elas non supere o límite máximo establecido para este concepto.

**PFT.5.–Prestacións económicas para necesidades urxentes diversas.**

Son axudas económicas a persoas e/ou familias en situación económica e/ou social desfavorable, destinadas á cobertura das necesidades básicas ou a sufragar gastos de diversa natureza, de urxente necesidade, para finalidades distintas das outras prestacións contempladas neste regulamento.

Non poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas, e se é o caso, o resto das persoas da unidade de convivencia, ás que lle suspenderan ou extinguiran a RISGA por incumprimento do proxecto de inserción, cando a traballadora social considere adecuada esta extinción.

Poderase solicitar unha ou varias axudas por mesmo concepto, sempre que a suma de todas elas non supere o límite máximo establecido para este concepto.

Para a valoración da procedencia das prestacións contempladas no apartado 5.2, teranse en conta os seguintes criterios de carácter económico:

**• Cálculo dos ingresos da unidade de convivencia:**

Valorarase o conxunto de ingresos percibidos por cada unha das persoas que constitúen a unidade de convivencia, procedentes de retribucións, pensións, subsidios, salarios, rendas, ou calquera outro tipo de prestación ou ingreso, regular ou irregular, con independencia da súa natureza.

Para obter a contía dos ingresos sumarase o conxunto dos ingresos netos obtidos nos últimos seis meses. A contía resultante dividirase entre 6 para obter os ingresos mensuais. Desta contía descontaranse os gastos derivados do pago do alugueiro ou amortización de hipoteca, segundo o caso, co límite de 200 € mensuais.

Nos casos nos que quede acreditado que no momento da solicitude non se cobra ningún tipo de ingresos ou a minoraación destes sexa do 50% dos ingresos que se estaban a percibir, terase en conta esta circunstancia para o cómputo dos ingresos, e posterior aplicación da subvención que corresponda.

- **Capital mobiliario:**

Entenderase que existen medios económicos suficientes para a valoración da concesión destas axudas, si o capital mobiliario da unidade de convivencia supera o importe do IPREM mensual, tomando como referencia os movementos bancarios dos últimos seis meses anteriores á solicitude.

- **Capital inmobiliario:**

Que a persoa solicitante ou calquera membro da unidade de convivencia non sexa propietaria e/ou usufrutuaria de bens inmoebles que, polas súas características, valoración, posibilidade de venda ou calquera forma de explotación, indiquen de xeito notorio a existencia de medios suficientes para atender ao gasto obxecto da solicitude, agás a propiedade referente á vivenda habitual, sempre que a súa valoración catastral non supere 10 anualidades do IPREM vixente.

- **Outras condicións e circunstancias.**

Non figurar o/a solicitante, nin ningún outro membro da unidade de convivencia, como titular de industria, comercio ou calquera outro negocio con persoal asalariado.

Que os membros maiores de 18 anos en situación de desemprego, que non cursen estudos, procedan a darse de alta como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego (SPE).

A existencia de persoas legalmente obrigadas, e con posibilidade real, de prestar ao solicitante a axuda solicitada.

- **Excepcións:**

A Comisión Técnica de Valoración das axudas económicas poderá valorar favorablemente e con carácter excepcional aquelas solicitudes que, non cumprindo algún dos requisitos ou condicións esixidas nestas bases, presenten, ao seu xuízo, circunstancias persoais, familiares ou socioeconómicas de especial gravidade que lle fagan precisar o beneficio regulado nestas, tras un informe da UTS de referencia.

### CONTÍA DAS AXUDAS

A contía das axudas que se concedan, estableceranse en función do conxunto dos ingresos da unidade de convivencia (U.C), en relación ao IPREM anual, cun límite máximo, conforme o baremo que se reflicte no seguinte cadro:

Número de membros na unidade de convivencia	Límite de ingresos económicos familiares	Tramos de ingresos	Porcentaxe da subvención en función da contía máxima a subvencionar
1 persoa	Ata o 100% IPREM	Inferior ao 60%	100%
		Ata o 75% IPREM,	80%
		Ata o 100% IPREM,	70%
2 persoas	Ata o 125% do IPREM	Inferior ao 90% IPREM	100%
		Ata o 100%	80%
		Ata o 125% IPREM	70%
3 persoas	Ata 150% IPREM	Inferior ao 100% IPREM	100%
		Ata o 125%	80%
		Ata o 150%	70%
4 persoas	Ata o 175%	Inferior ao 100% IPREM	100%
		Ata o 150%	80%
		Ata o 175% IPREM	70%
A partir de 5 persoas aumentarase un 25% o límite de ingresos por cada membro			A contía máxima da axuda será o 175% do IPREM

A contía máxima sobre a que se aplicará á porcentaxe de subvención correspondente para cada solicitude segundo os ingresos da unidade familiar, será a que se resulte da aplicación da seguinte táboa:

- **Gastos de 1.º necesidade:**

N.º de membros da unidade económica de convivencia	Importe máximo 1.º necesidade
1 ou 2 membros	100% IPREM
De 3 membros	125% IPREM
De 4 membros	150% IPREM
De 5 membros ou máis	175% IPREM

Poderase solicitar unha ou varias axudas por cada un dos conceptos (PFT3-PFT4-PFT5), sempre que a suma de todas elas (as de igual concepto) non supere o límite máximo establecido para cada un dos conceptos.

En todo caso, a contía máxima polos gastos de alugamento ou hipoteca será do IPREM mensual, e os derivados do uso da vivenda do 33% do IPREM mensual.

### **CAPÍTULO III.-REQUISITOS E DOCUMENTACIÓN**

#### **Artigo 6.-Requisitos dos solicitantes.**

Os solicitantes deberán reunir os seguintes requisitos:

6.1.-Ser maior de 18 anos ou estar emancipado legalmente (ou ter iniciado o trámite legal de emancipación), agás situacións de desamparo.

6.2.-Estar empadroado no termo municipal de Narón cunha antelación mínima de seis meses á data da solicitude, ou da convocatoria, segundo o caso, excepto aqueles solicitantes que están acollidos en recursos de aloxamento institucional (excepción comedor e bolsas escolares)

6.3.-Que a renda da unidade de convivencia da que forma parte o solicitante sexa inferior ao establecido para cada recurso referidos ao IPREM vixente en cada momento, con inclusión de pagas extraordinarias.

6.4.-Non dispoñer de bens de calquera tipo, ou dereitos, ou amosar signos externos, que impliquen a existencia de medios ou bens suficientes para atender á necesidade para a que se solicita a prestación.

6.5.-Non ter acceso a outras prestacións doutras administracións públicas ou recursos propios que cubran a totalidade da necesidade para a que se solicita a prestación.

6.6.-Non ter recibido entre tódolos membros da unidade de convivencia axuda/s económica/s municipais ata os límites máximos establecidos no presente regulamento, nos doce meses anteriores, salvo naqueles casos excepcionais nos que por necesidade sobrevida, requiran de atención urxente e inmediata.

6.7.-Non ter débedas coa Administración. Non ter débedas de comedor escolar, no suposto que a solicitude se refira a esta axuda.

6.8.-Non dispoñer de capital mobiliario que exceda do IPREM no intre da solicitude.

#### **Artigo 7.-Documentación que deben presentar os solicitantes (segundo a prestación solicitada):**

1.-Solicitude de prestación, segundo modelo oficial, debidamente cuberta.

2.-Fotocopia do DNI, ou, no caso de ser estranxeiro, NIE, tarxeta de residencia ou pasaporte.

3.-Fotocopia do Libro de Familia.

4.-Libro de saúde do/a neno/nena beneficiario/a da axuda (só nos supostos de alimentación infantil).

5.-No caso de pensionistas; certificado do organismo pagador acreditativo das prestacións que percibe.

6.-No caso de desempregados: certificación do SPE acreditativa de estar en situación de desemprego, e percepción de prestacións, de ser o caso.

7.-Declaración da renda de todos os membros da unidade de convivencia, ou, no caso de non estar obrigado a facela, certificado de imputación de rendas de Facenda.

8.-Xustificante de ingresos dos últimos seis meses.

9.-Declaración xurada de ingresos e de capital da unidade de convivencia, das axudas que se teñen solicitadas ou se teñen pensado solicitar polos mesmos conceptos, ou da inexistencia de parentes con obriga e posibilidade real de prestarlle a axuda que solicitan (segundo o caso).

10.-Certificado - resumo dos movementos bancarios dos últimos 6 meses emitido polas entidades bancarias de referencia, de todos os membros da unidade convivencia.

11.-Certificado da Tesourería da Seguridade Social acreditativa de que ningún membro da unidade de convivencia é titular de empresa mercantil de calquera índole con persoal asalariado (se é o caso).

12.-No caso de ser autónomo, declaracións trimestrais 130 e 303 dos 3 últimos trimestres.

13.-Sentenza de separación/divorcio/alimentos, segundo o caso.

14.-Certificación do Catastro relativa aos bens inmoables dos membros da unidade de convivencia.

15.-Outros específicos requiridos polo Concello segundo as circunstancias ou necesidades para a correcta valoración da solicitude.

16.-Código de domiciliación bancaria (IBAN), do solicitante da prestación.

O Concello unirá ao expediente o certificado de empadramento, ou, se é o caso, de residencia.

#### **CAPÍTULO IV.-PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN, CONCESIÓN, REVOGACIÓN E INCOMPATIBILIDADES**

##### **Artigo 8.-Forma, lugar e prazo de presentación das solicitudes.**

8.1.-A solicitude, acompañada da documentación complementaria especificada no artigo 7, presentarase no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera outro procedemento previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

8.2.-De maneira excepcional, os expedientes poderán ser incoados de oficio, cando concorran circunstancias graves, extraordinarias ou urxentes que así o aconsellen.

8.3.-O prazo para a presentación de solicitudes, a excepción das supeditadas a convocatoria previa, permanecerá aberto durante todos os días hábiles do ano.

##### **Artigo 9.-Instrución dos expedientes.**

9.1.-Corresponderá ao Servizo Sociocomunitario municipal a instrución dos expedientes, que á vista da solicitude e da documentación achegada poderá requirir ao interesado para que proceda a emendar os erros e/ou achegue os documentos preceptivos no prazo de 10 días hábiles, apercibíndoo de que, de non facelo así, terásele por desistido da súa petición, despois da corresponde resolución, de conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 3071992, do 26 de novembro, de LRX-PAC.

9.2.-A unidade administrativa do Servizo Sociocomunitario responsable da tramitación do expediente, incorporará os informes de técnicos propios necesarios para a resolución do expediente, e poderá solicitar doutros departamentos e organismos municipais os informes de constatación das circunstancias socioeconómicas do solicitante (informe de débedas a servizos económicos; de residencia ou convivencia á Policía Local, etc.), para efectuar as comprobacións oportunas sobre a veracidade dos datos declarados polos interesados. Igualmente, poderá requiririlles a estes as aclaracións que se consideren necesarias.

9.3.-Concluída esta fase, no caso das prestacións contempladas no artigo 5, punto 5.2 (PFT1-PFT2-PFT3-PFT4-PFT5) deste regulamento, emitírase no prazo de 7 días o correspondente ditame favorable protocolizado que acreditará a necesidade e/ou urxencia da prestación solicitada, cantidade ou importe outorgado e outras circunstancias apreciadas. Este ditame emitírase a partir da proposta - informe da UTS de referencia da persoa solicitante.

A Comisión decidirá no caso de necesidade de coordinación ou unificación de criterios, e nos casos excepcionais aos que se refire o regulamento, emitindo o informe correspondente.

9.4.-Audiencia.-Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, os interesados serán notificados para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes.

No obstante, poderá prescindirse do trámite a que se refire o punto anterior cando non figuren no procedemento ni se vaian a ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

9.5.-Instruído o expediente e á vista da documentación e dos informes e ditames emitidos, elaborárase a oportuna proposta da concellería delegada correspondente sobre a procedencia de conceder ou denegar a prestación solicitada, tras un informe favorable de fiscalización do gasto do Servizo de Intervención de Fondos.

##### **Artigo 10.-Resolución.**

10.1.-Concluído o trámite anterior, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución, que se elevará á concellería delegada.

10.2.-A resolución, previo informe da Intervención de Fondos, será ditada pola Alcaldía, a Concellería delegada competente, ou pola Xunta de Goberno Local, segundo a prestación que se trate, que deberá producirse nun prazo máximo de 1 mes a partir da data da solicitude, agás que sexa necesario requirir datos aos solicitantes, e se paralice o procedemento por tal causa, nos termos establecidos no 42.5 da Lei 30/1992.

Logo de que transcorra este prazo sen que se dite resolución expresa, o solicitante poderá entender desestimada a súa petición.

10.3.-En todo caso, a prestación concederáse en función dos orzamentos dispoñibles no Concello na partida correspondente. Por este motivo, non bastará para percibir a prestación con que o solicitante reúna os requisitos esixibles, senón que é preciso que exista dotación orzamentaria, adecuada e suficiente.

##### **Artigo 11.-Forma de conceder a prestación.**

11.1.-A contía, finalidade e forma de pago das prestacións concedidas serán as que se determinen na resolución.



11.2.–Cando varíen as circunstancias que motivaron a solicitude, pero persista a necesidade da prestación, poderase modificar a finalidade tras un informe da traballadora social da UTS da zona de residencia da persoa solicitante.

**Artigo 12.–Notificación aos/ás interesados/as.**

12.1.–A resolución será notificada ás persoas interesadas no domicilio indicado na solicitude, e aos servizos do propio Concello.

12.2.–Na notificación que se practique aos beneficiarios da prestación indicaranse de forma expresa as condicións que haberá que cumprir para facer efectivo o cobro da prestación. Así mesmo, indicárase de forma expresa que, se no prazo de 8 días a contar dende a recepción da notificación do acordo de concesión non cumprise coas condicións establecidas, procederase por parte do Concello á revogación da prestación.

12.3.–As resolucións que recaian poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o alcalde – presidente do Concello de Narón, no prazo dun mes, se o acto fose expreso. Se non o fose, o prazo será de tres meses, e contarase a partir do día seguinte en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se fose expresa, ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.

Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

**Artigo 13.–Obrigas dos beneficiarios e perceptores.**

Os solicitantes das prestacións están obrigados a:

1.–Comunicar ao Servizo Sociocomunitario todas aquelas variacións que houberse na súa situación sociofamiliar que poidan modificar as circunstancias que motivaron a solicitude.

2.–Destinar a cantidade percibida aos fins para os que a prestación foi concedida, debendo xustificarse na forma que se lle indique.

3.–Reintegrar os importes concedidos cando non se apliquen para os fins para os que se concedeu.

**Artigo 14.–Causas de denegación.**

Poderán ser denegadas aquelas solicitudes nas que, a pesar de cumprir cos requisitos establecidos no artigo 6 poida concorrer algunha das seguintes circunstancias:

1.–Que a prestación solicitada non sexa adecuada para a resolución da problemática exposta ou que a súa simple concesión non sexa suficiente para a resolución da problemática expresada consonte informe da traballadora social.

2.–Que non exista consignación adecuada e suficiente para a atención da solicitude.

3.–Que no prazo dos 6 meses anteriores á prestación lle fose extinguida ou revogada calquera outra prestación social, incluídas rendas de inserción, por incumprimento das condicións establecidas na súa concesión, agás casos excepcionais con informe razoado da traballadora social.

4.–No caso de axudas de comedor escolar, bonificación de auga, rede de sumidoiros, e similares, ter débedas por este concepto nos últimos doce meses.

**Artigo 15.–Revogación das prestacións.**

1.–Destinar a prestación para unha finalidade distinta daquela para a que foi concedida constituirá causa determinante da revogación da prestación e do reintegro inmediato, tras o requirimento do órgano competente que, de non ser atendido, promoverá a acción correspondente consonte a normativa de subvencións.

2.–A falsidade ou ocultación de calquera dos datos declarados polos solicitantes poderá dar lugar á denegación da prestación solicitada, aínda cando o solicitante reunise os requisitos para a súa concesión.

3.–Logo de transcorrido un prazo de 45 días dende que a prestación estea disposta para ser aboada, sen que o ingreso puidese efectuarse por causas imputables ao interesado, poderase proceder á revogación da prestación.

**Artigo 16.–Réxime de incompatibilidades.**

O réxime de compatibilidade ou incompatibilidade das prestacións contempladas neste regulamento coas concedidas por outras administracións será o disposto especificamente para cada unha delas, tendo, en todo caso, que o total das axudas concedidas por calquera administración non poderá superar o 100% do custo real a subvencionar.

En todo caso, as persoas solicitantes de axudas deberán preceptivamente declarar as axudas solicitadas e concedidas por calquera administración e/ou entidades conveniadas coas ditas administracións.

## CAPÍTULO V.-AVALIACIÓN E SEGUIMENTO

### Artigo 17.-Avaliación sistemática de calidade.

1.-Para garantir a adecuación destes instrumentos de axuda financeira aos obxectivos previstos, así como para efectuar estudos e optimizar criterios de aplicación, e mesmo coa finalidade de acadar unha máxima calidade nos procesos, créase a Comisión Técnica de Prestacións Financeiras Sociais Municipais.

2.-A Comisión Técnica estará composta por:

As UTS, avogada, e o xefe do Servizo Sociocomunitario, coordinador da Comisión. Así mesmo poderán formar parte de maneira puntual, a petición do xefe do servizo, outro persoal técnico Sociocomunitario, dos servizos económicos ou dos servizos xurídicos.

3.-As funcións da Comisión Técnica son:

- Revisar os criterios de aplicación e interpretación para homoxeneizar o seu tratamento e enfoque.
- Revisar, contrastar e/ou estudar a aplicación do presente regulamento para optimizar a calidade da prestación.
- Estudar as posibles modificacións do regulamento, ou adaptacións ás necesidades cambiantes da cidadanía, coa finalidade de elevar as propostas que correspondan á Concellería de Acción Social.
- Emitir ditame no caso de necesidade de unificación de criterios, e nos casos excepcionais aos que se refire o regulamento.

4.-A Comisión Técnica reunirse unha vez ao trimestre, cunha orde do día que recolla os casos obxecto de estudo, e emitirá o ditame técnico de resolución dos expedientes.

5.-A comisión elaborará, se é o caso, un informe anual resumo das súas conclusións que se remitirá á Concellería de Acción Social, onde se decidirá se procede elevar á Xunta de Goberno Local ou ao Pleno, propostas de modificación do regulamento ou interpretación de criterios de aplicación.

6.-A Comisión Técnica poderá reunirse con carácter extraordinario cando a situación de urxencia o requira. Esta urxencia determinarase pola UTS que xestione o caso, e o xefe de servizo condutor técnico da Comisión.

7.-O funcionamento xeral para a elaboración dos ditames será o de informe-relatorio por parte do/a técnico/a informante do expediente, que será sometido á consideración da Comisión que resolverá por consenso para unha meirande calidade do traballo técnico. No suposto de diferenzas será aprobado o ditame coas observacións que se incorporen por maioría dos 2/3 da Comisión. Se finalmente non se acada esta porcentaxe, ditaminarase a proposta elaborada polo/a técnico/a de referencia para o expediente de que se trate, sempre que sexa acorde con este regulamento e a normativa aplicable.

### Disposicións derradeiras.

**Primeira.**-Todas as referencias ao IPREM, mensual ou anual, entenderanse referidas a este indicador, computado con pagas extraordinarias.

**Segunda.**-Facúltase ao alcalde-presidente do Concello a ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento do presente regulamento.

**Terceira.**-O presente regulamento entrará en vigor unha vez publicado enteiramente o seu texto no BOP e así que transcorra un prazo de 15 días ao que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, transcorrido o cal, sen haber alegacións, entenderase definitivamente aprobado.

### Disposición derogatoria.

Este regulamento derroga expresamente o anterior, de outubro de 2013.

Narón, 11 de agosto de 2014.

O alcalde

José Manuel Blanco Suárez

2014/8906